

ESCOLA DE PAIS

No plan de convivencia se recolle a creación da escola de país desenvolta neste ano 2018-19 no CEIP Sanjurjo de Carricarte, a cargo da directora do centro Dña M^a Estrella Monelos Muñiz Crease pola participación no PFPP e polo necesidade transmitida polas familias ao centro.

A finalidade da escola de país é proponer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellora a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

Obxetivos da escola de pais.

- Contribuir ao crecemento persoal dos seus fillos e fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unas axeitadas normas de convivencia.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos ou fillas.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos fomentando o desenvolvemento integral dos seus fillo e fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe aos seus fillos e fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

As reunión serán unha vez ao mes no centro e serán de dúas horas.

Temáticas tratadas no curso 2018-19.

- Sobreprotección
- A socialización
- Problemas dos escolares
- Escola de país: obxetivos
- Educar na responsabilidade
- Educar no esforzó.
- Educar na tolerancia
- Familia e educación.
- Educar en libertade.
- Autoimaxen positiva.
- Autoestima.
- Formación en valores.
- Tempo en familia.
- Como axudar a un fillo/a a estudante.

Medidas para potenciar a igualdade de xénero.

Introducción

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

Por todo isto é necesario traballar día a día a coeducación e prevenir condutas contrarias a igualdade de xénero e prevenir a violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural integral e transversal, no que se recollan as medidas dirixidas ao alumnado as familias ao profesorado e ao equipo de orientación.

No CEIP Sanjurjo de Carricarte temos un compromiso coa igualdade de oportunidade e de xénero coa finalidade de inculcar aos nosos alumnos/as un modelo formativo que abrangue por igual o feminino e o masculino, e isto se reflicte na nosa temática elegida este ano que é “as mulleres”.

Base legal.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establécese que o plan de convivencia inclúe entre os seus obxectivos xerais a prevención, detección e eliminación da violencia de xénero (art. 12.e). En canto ao plan de convivencia, establécense entre os seus obxectivos xerais o fomento da igualdade entre homes e mulleres (12.c) e a prevención da violencia de xénero (12.e).

Para garantir o seu cumprimento, indícase que entre as actuacións, programas e medidas que leven a diante os centros para a mellora da convivencia deben desenvolver

actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero (art. 21.c). Tamén entre as medidas complementarias para a mellora da convivencia indícase que se poderán desenvolver programas específicos para traballar a igualdade entre homes e mulleres (art.24.2).

Por último, cómpre anotar que o dito decreto tipifica como condutas gravemente prexudiciais para a convivencia os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de sexo (38.b).

Na **Lei 11/2007** recóllese explicitamente que os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos incluírán apartados específicos destinados a potenciar modificacións os modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas (art. 20). Todos estes documentos poden adaptarse ás necesidades do contexto educativo co fin de que resolver satisfactoriamente os retos da convivencia de cada centro. As indicacións e recomendacións que se dan para a elaboración destes documentos integran a igualdade como principio reitor básico que se debe ter en conta á hora de gardar a protección das situacións de discriminación por razón de xénero.

Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade no seu artigo 17 sinala as medidas conducentes a proporcionar unha educación para a igualdade e no seu artigo 18 a erradicación dos prexuizos nos centros docentes.

No Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece que o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativo, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos

A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

Con respecto a diversidade sexual na Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia dedica o capítulo V ás medidas no ámbito educativo, concretamente no artigo 22 sobre inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.

Obxectivo xeral principal:

Contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación.

Para o desenvolvemento deste obxectivo estamos implicados toda a comunidade educativa. Queremos ser partícipes desa transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación.

A **comisión de convivencia** terá entre os seus obxetivos, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Plan de actuacións para o fomento da igualdade está baseada nos principios recollidos no I Plan de Igualdade galego e son os referentes do noso centro.

✓ **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.

✓ **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

✓ **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

✓ **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.